

# **ESTRATEGIA GALEGA DE CONTRATACIÓN PÚBLICA**

**-HORIZONTE 2030-**

## ÍNDICE:

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. DIAGNÓSTICO.....	5
2.1. EVOLUCIÓN DA CONTRATACIÓN PÚBLICA NO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO.....	5
2.2. RETOS DA CONTRATACIÓN PÚBLICA NO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO CARA AO HORIZONTE 2030.....	15
3. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS E OPERATIVOS.....	17
OE1. MELLORAR A EFICIENCIA DOS PROCESOS DE CONTRATACIÓN PÚBLICA.....	18
OO1.1.- Simplificación e axilización na contratación pública.....	19
OO1.2.- Reforzar a motivación e xustificación da contratación.....	19
OO1.3.- Seguimento do cumprimento dos contratos.....	20
OO1.4.- Sistemas de racionalización técnica.....	21
OE2. FOMENTAR A CONTRATACIÓN ESTRATÉXICA.....	23
OO2.1.- Fomento da contratación social.....	24
OO2.2.- Contratación pública de innovación e intelixencia artificial.....	24
OO2.3.- Fomento da igualdade, da conciliación e da non discriminación de persoas LGTBI.....	25
OO2.4.- Fomento da contratación con entidades da economía social.....	25
OO2.5.- Contratación incentivadora do territorio e do tecido económico de Galicia e fomento da participación das PEMES.....	26
OO2.6.- Fomento da integración da perspectiva climática na contratación .....	26
OO2.7.- Fomento da contratación pública ecolóxica vinculada á xestión de residuos e á economía circular.....	27
OE3. XENERALIZAR O EMPREGO DA CONTRATACIÓN ELECTRÓNICA.....	29
OO3.1.- Interoperabilidade.....	30
OO3.2.- Implantación do expediente electrónico para todos os órganos de contratación e para todos os procedementos.....	30

OO3.3.- Integración de sistemas do Nodo de Contratación Electrónica da Xunta de Galicia para a xestión dos datos de contratación.....	31
OO3.4.- Aplicación de ferramentas de intelixencia artificial na contratación pública.....	31
OE4. AUMENTAR A TRANSPARENCIA E PREVER A CORRUPCIÓN E AS IRREGULARIDADES NA CONTRATACIÓN PÚBLICA.....	32
OO4.1.- Reforzo dos mecanismos de transparencia.....	33
OO4.2.- Xestión dos riscos mediante plans antifraude e mapas de riscos en materia de contratación.....	34
OO4.3.- Consolidar os procedementos para prever e resolver as situacións de conflito de intereses.....	34
OE5. INCREMENTAR A PROFESIONALIZACIÓN DOS EMPREGADOS PÚBLICOS DEDICADOS Á CONTRATACIÓN.....	35
OO5.1.- Planificación dos recursos humanos.....	35
OO5.2.- Formación.....	36
OO5.3.- Responsables dos contratos.....	36
OE6.- ESTRATEXIA DE CONTRATACIÓN PÚBLICA SANITARIA DE GALICIA.....	38
OO6.1.- Continuar impulsando os Plans de Contratación Pública Centralizada de produtos e material sanitario e medicamentos no Servizo Galego de Saúde.....	38
OO6.2.- Definir unha central de compras para todo o Servizo Galego de Saúde, que permita o aprovisionamento e a distribución de bens e servizos necesarios para a atención sanitaria.....	39
OO6.3.- Profesionalizar a compra pública de bens e servizos necesarios para a atención sanitaria no Servizo Galego de Saúde.....	39
OO6.4.- Establecer indicadores que permitan o seguimento e avaliación das medidas propostas para contribuír a unha compra pública máis eficaz e eficiente, así como a sostibilidade do sistema sanitario.....	40
4. CALENDARIO DE IMPLEMENTACIÓN.....	41
5. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS.....	42



## 1. INTRODUCCIÓN

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en diante LCSP, prevé no seu artigo 334 que corresponde á Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación (OIRESCON) a aprobación da Estratexia Nacional de Contratación Pública (ENCP) cun horizonte temporal de catro anos.

Así mesmo, continúa establecendo que no ámbito das Comunidades Autónomas poderá elaborarse unha estratexia de contratación pública que deberá ser coherente coa estratexia nacional de contratación.

Froito desta previsión legal, a OIRESCON aprobou a finais do ano 2022 a ENCP, cun horizonte temporal de 4 anos (2023-2026).

A nivel autonómico, o Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 28, sinala como competencia da Comunidade Autónoma o desenvolvemento normativo e a execución da lexislación do Estado en materia de contratos “no ámbito das competencias propias da Comunidade Autónoma”.

No ámbito da Comunidade Autónoma existen varias normas xurídicas que afectan á contratación administrativa, así, a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico estableceu no seu artigo 19, que no ámbito da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, a contratación pública estará presidida polos seguintes principios:

- Principio de concorrencia, publicidade, igualdade de trato e transparencia.
- Principio de axilidade e simplificación administrativa.
- Principio de modernización administrativa.

O artigo continúa indicando que a contratación pública autonómica perseguirá, ademais, os seguintes obxectivos:

- A racionalización e eficiencia do gasto público.
- A estabilidade orzamentaria e o control do gasto.
- O fomento da participación da pequena e mediana empresa.

En desenvolvemento destas normas, procede aprobar a Estratexia galega de contratación pública – horizonte 2030.

Debe terse en conta que a ENCP rematará a súa vixencia no ano 2026, polo que esta Estratexia Galega podería ser obxecto de adaptación, se fora preciso, no momento de aprobación da nova ENCP, para aliñala con esta.

Ademais, dada a importancia desta planificación estratéxica, levarase a cabo un plan de comunicación e sensibilización tanto interno como externo desta Estratexia, para difundir boas prácticas e resultados entre administracións públicas, empresas e cidadanía.

## 2. DIAGNÓSTICO

### 2.1. EVOLUCIÓN DA CONTRATACIÓN PÚBLICA NO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

A contratación pública foi obxecto dunha importante evolución ao longo do tempo, non só en Galicia, senón de xeito global. Dunha primeira concepción da contratación pública como un elemento meramente instrumental, cuxo único obxectivo era conseguir a adquisición de bens e servizos precisos para a organización, pasouse a unha concepción mais complexa, na que a contratación pública xa non se configura unicamente como un elemento instrumental da organización, senón como un elemento útil para potenciar determinadas políticas estratéxicas.

En Galicia xa hai numerosos antecedentes que poñen de manifesto esta concepción estratéxica da contratación pública.

Como xa se puxo de manifesto, xa a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico estableceu una serie de previsións relativas á contratación pública estratéxica, responsable e sustentable.

A modo de exemplo pode citarse o seu artigo 25, segundo o cal "o sector público autonómico deseñará e articulará a súa estratexia en materia de contratación pública tendo en conta os principios recollidos no artigo 17 da Lei de impulso demográfico de Galicia." Ou o seu artigo 25 bis, que sinala as regras de utilización dos criterios de adxudicación baseados na calidade social e ambiental impostos por normativa sectorial.

Deste xeito, establece a previsión xeral de que naqueles contratos en que se utilice unha pluralidade de criterios de adxudicación do contrato e en que distintas normas sectoriais impoñan, dada a súa vinculación co obxecto do contrato, a aplicación de máis dun criterio de adxudicación cualitativo de tipo social e ambiental, os órganos de contratación da Administración xeral da

Comunidade Autónoma e das entidades instrumentais do sector público autonómico (...) deberán escoller, como mínimo, unha modalidade dos criterios cualitativos de tipo social ou ambiental impostos pola normativa sectorial aplicable.

Neste caso, o criterio de adxudicación establecido valorarase, como mínimo, co 10 por cento da puntuación máxima que puiden atribuírse ás ofertas, e deberase motivar no expediente a atribución dunha porcentaxe menor, que non deberá ser inferior ao 5 por cento da puntuación máxima.

No caso de optar por aplicar máis dunha modalidade de criterios cualitativos de tipo social ou ambiental impostos pola normativa sectorial, a valoración total dos criterios escollidos alcanzará, como mínimo, o 10 por cento da puntuación máxima que se puiden atribuír ás ofertas.

Ademais, o artigo 26 establece a previsión de fixación dunha porcentaxe mínima de reserva do dereito para participar nos procedementos de adxudicación de determinados contratos ou de determinados lotes destes, a centros especiais de emprego de iniciativa social e a empresas de inserción, establecendo un mínimo do 5 %, calculado sobre a suma dos importes de adxudicación, con IVE, dos contratos menores e contratos abertos simplificados adxudicados no exercicio orzamentario inmediatamente anterior polo sector público autonómico.

Continuando coas previsións legislativas ao respecto, a Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, establece no seu artigo 17 a previsións de que o sector público autonómico deseñará e articulará a súa estratexia en materia de contratación pública tendo en conta os principios de desenvolvemento social, económico e ambiental sustentable recollidos nesta lei.

Para estes efectos, coa finalidade de proporcionar unha mellor relación calidade-prezo na prestación contractual e unha maior e mellor eficiencia na utilización dos fondos públicos, (...), en toda a contratación do sector público

autonómico incorporaranse de maneira transversal e preceptiva criterios sociais e medioambientais que garden relación co obxecto do contrato(...).

Continúa sinalando que procurárase, mediante a súa inclusión nas prescricións técnicas, nos criterios de adxudicación ou nas condicións de execución do contrato, que as obras, produtos e servizos que se adquiran, así como os procesos ou procedementos que se utilicen neles, cumpran requisitos determinados e características específicas de tipo social e medioambiental, preferentemente aqueles relacionados coa igualdade de xénero, o comercio xusto, a agricultura e a gandaría ecolóxicas e a xestión forestal e pesca sustentables e os que garantan o cumprimento das convencións fundamentais da Organización Internacional do Traballo, de conformidade co establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro.

En particular, os órganos de contratación introducirán criterios de adxudicación cualitativos, vinculados ao obxecto do contrato, referidos ás políticas empresariais en materia de igualdade no proceso específico de produción, prestación ou comercialización das obras, subministracións ou servizos, preferentemente aqueles referidos aos plans de igualdade de xénero ou ás medidas a prol da igualdade de xénero que se apliquen, á loita contra a discriminación salarial por razón de sexo e ao fomento da contratación feminina.

Así mesmo, o sector público autonómico facilitará o acceso á contratación pública das pequenas e medianas empresas e das empresas de economía social.

A Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia estableceu no seu artigo 84 que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades instrumentais do sector público autonómico impulsarán, no ámbito da contratación pública, a adopción de medidas que promovan a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, así como o fomento do emprego feminino.

Ademais esta lei promove no ámbito da contratación, o fomento do enfoque de xénero nos deseños de bens e produtos de uso común que poderán ter en conta os órganos de contratación do SERGAS; así como a posibilidade de que adopte a perspectiva de xénero nas campañas de publicidade dos organismos públicos como recursos para a promoción da igualdade de xénero entre mulleres e homes.

Para estes efectos os órganos de contratación procurarán incorporar a perspectiva de xénero nos seus contratos, na medida en que fora posible, en calquera das súas fases, o que inclúe a definición do obxecto do contrato, o procedemento da licitación e a fase de execución do contrato.

En concreto, os órganos de contratación valorarán, ao configurar os seus contratos, a inclusión dos seguintes elementos nos pregos, sempre que estean vinculados ao obxecto do contrato, non sexan directa ou indirectamente discriminatorios e sexan compatibles co dereito da Unión Europea e coa normativa básica de contratos públicos:

a) Criterios de adxudicación que permitan valorar a calidade das características sociais do contrato referidas ás medidas concretas que se apliquen na súa execución para conseguir a igualdade entre homes e mulleres, así como para fomentar a contratación feminina e outras medidas derivadas da lexislación de igualdade de xénero e de igualdade de trato a persoas LGTBI.

b) Criterios que permitan resolver o empate entre dúas ou máis ofertas tras aplicar os criterios de adxudicación, referidos a aquelas proposicións das empresas que inclúan medidas de carácter social e laboral que favorezan a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Para estes efectos, poderase recoller, como criterio de desempate, a preferencia das proposicións presentadas por empresas que, no momento de vencer o prazo de presentación de ofertas, dispoñan da Certificación Galega de Excelencia en Igualdade ou doutra certificación equivalente, ou ben que identifiquen na

súa proposición medidas concretas dirixidas a evitar calquera tipo de discriminación laboral entre mulleres e homes e/ou que favorezan a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Nestes dous últimos supostos, o licitador deberá acreditar a equivalencia do certificado presentado ou das medidas propostas respecto da Certificación Galega de Excelencia en Igualdade.

c) Condicións especiais de execución do contrato dirixidas a algunha destas finalidades: eliminar as desigualdades do home e da muller no mercado de traballo correspondente ao sector de actividade do contrato, favorecendo a aplicación de medidas que fomenten a igualdade entre homes e mulleres no traballo; promover a maior participación da muller no mercado laboral; e combater o desemprego que afecta as mulleres.

Ademais o artigo establece que salvo que non fora posible de acordo co previsto na normativa de contratos públicos e así estivera motivado no expediente de contratación, os órganos de contratación establecerán como condicións especiais de execución do contrato as seguintes:

a) O compromiso da empresa adxudicataria de presentar, no momento de formalizar o contrato, un protocolo de prevención e de actuación fronte ao acoso sexual e ao acoso por razón de sexo ou por orientación sexual, no ámbito de desenvolvemento do contrato.

b) O compromiso do adxudicatario de incluír nas accións de prevención de riscos laborais e de saúde laboral a perspectiva de xénero.

Para acreditar o cumprimento destas condicións, o contratista presentará, no momento de finalizar o contrato, unha memoria xustificativa do seu cumprimento. Os pregos poderán establecer, se fora preciso, outras medidas adicionais de control durante a execución do contrato.

Isto enténdese sen prexuízo das facultades para comprobar o cumprimento das condicións especiais de execución que o órgano de contratación pode

exercitar en calquera momento da execución do contrato, en particular no caso de recibir unha denuncia do seu incumprimento presentada polo persoal traballador afectado.

En todo caso é importante que tal como sinala o artigo 84.5 da lei 7/2023 os pregos deberán precisar as consecuencias do incumprimento das condicións especiais de execución.

En materia de igualdade de xénero tamén hai que ter en conta a lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia; que no seu artigo 12 establece como medida de promoción da igualdade de trato e non discriminación por parte da Administración autonómica galega que os pregos das contratacións poderán impor como condición especial de execución o respecto dos protocolos de igualdade e boas prácticas e que o incumprimento pode dar lugar á resolución do contrato, de establecelo os pregos.

Así, destaca o compromiso coa igualdade de trato e non discriminación das persoas LGTBI e co respecto dos protocolos de igualdade e boas prácticas LGTBI no ámbito empresarial.

O artigo 65 da Lei 1/2024, do 11 de xaneiro, da calidade alimentaria de Galicia sinala que nos contratos do sector público autonómico que teñan por obxecto o subministro de produtos alimenticios, nos contratos de servizos ou de concesión de servizos para cuxa execución sexa imprescindible a utilización deste tipo de produtos, procurarase a compra pública socialmente responsable de alimentos saudables procedentes de sistemas de produción sostible e respectuosos co medio ambiente e que garantan a seguridade e a calidade alimentarias.

Finalmente, a Lei 2/2025, do 2 de abril, para o desenvolvemento e o impulso da intelixencia artificial en Galicia, regula no seu artigo 68 a compra pública estratéxica de intelixencia artificial, establecendo que co fin de acelerar o

desenvolvemento, ensaio e implantación de solucións innovadoras baseadas na intelixencia artificial, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público poderán empregar contratos públicos que teñan por obxecto o deseño, o desenvolvemento e, se é o caso, a adquisición deste tipo de solucións para a mellora dos servizos públicos e actuar como usuario pioneiro dos ditos sistemas.

Ademais do establecido nestas previsións normativas, a Xunta de Galicia ten adoptado outras medidas de carácter non legislativo neste eido.

No ano 2022 o Consello da Xunta de Galicia aprobou un Catálogo de criterios de adxudicación para contratos de obras, en concreto, debe destacarse que incorpora una serie de criterios medioambientais, divididos entre criterios avaliados mediante un xuízo de valor e criterios avaliados de xeito automático.

Do mesmo xeito, o dito Catálogo de criterios incorpora múltiples criterios de carácter social, tamén distinguindo entre os avaliados mediante xuízos de valor, como a memoria de prevención de riscos laborais, a adaptación do estudo de seguridade e saúde do proxecto; ou a proposta de medidas para o impulso demográfico; e os criterios avaliados de xeito automático, como o volume da man de obra que se utilizará na execución do contrato, ou a implantación de criterios en materia de conciliación da vida persoal, familiar e laboral e corresponsabilidade.

Posteriormente, no ano 2023, aprobouse a Guía de Contratación Pública Ecolóxica, como instrumentos para proporcionar ao sector público autonómico galego unha ferramenta de referencia para considerar a sustentabilidade na toma de decisións no ámbito contractual, poñendo en práctica procedementos de contratación pública ambiental e maximizando o seu efecto tractor para contribuír á mellora da sustentabilidade ambiental global da economía galega, impulsando, facilitando, xeneralizando e integrando a súa implantación sistemática e efectiva.

Esta Guía parte da concepción de que os procedementos de contratación pública ofrece varias etapas nas que se poden aplicar consideración ecolóxicas: no momento de determinación das necesidades e do obxecto do contrato, no de elaboración das prescricións técnicas, no de selección do contratista (criterios de exclusión e de selección), na determinación dos criterios de adxudicación, e nas condición especiais de execución do contrato.

Deste xeito, analízanse momento a momento a posibilidade de aplicación de consideración ecolóxicas ou medioambientais na definición e execución do contrato.

Como outro documento a ter en conta, a Xunta publicou una Guía para o fomento da madeira en contratación pública de edificacións sostibles, que tamén parte das distintas fases da contratación pública, establecendo medidas na fase de preparación do contrato, na elaboración dos pregos, e como condición especiais de execución. Entre as vantaxes do seu uso na construción, a guía apunta á súa menor pegada carbónica ou que cada euro investido en madeira estrutural xera outro euro na economía rexional, un efecto que se multiplica no caso de empregar madeira local.

Xa a nivel operativo, a implantación do Nodo de Contratación Electrónica da Xunta de Galicia supuxo un importante impulso para a contratación electrónica, ao articular e coordinar a posta en marcha de diversas ferramentas que permitan a implantación da tramitación electrónica integral do procedemento de contratación pública. Así, puxéronse en marcha ferramentas como a plataforma de contratos, o sistema de licitación electrónica (SILEX) e o sistema de xestión e tramitación electrónica de expedientes de contratación (PLATION). A data de 31 de decembro de 2025, último exercicio pechado, o grao de implantación das ferramentas de licitación e tramitación electrónica foi o seguinte: a ferramenta de licitación electrónica da Xunta de Galicia SILEX xa está implantada no 98,99 % dos órganos de contratación da Xunta de Galicia e do sector público autonómico. Pola súa banda, a ferramenta PLATION, está implantada ou en proceso de

implantación no 85,36 % dos órganos de contratación da Xunta de Galicia e do sector público autonómico.

Á marxe de todos os aspectos sinalados, exclusivos da área de contratación pública, unha análise completa da situación actual non pode obviar outras cuestións que se ben teñen un carácter transversal para diversas áreas administrativas, teñen un impacto directo na contratación.

En primeiro lugar debe mencionarse a formación do persoal empregado público e a creación das áreas funcionais dos postos de traballo, que afondan na idea da profesionalización do persoal empregado público e a súa especialización, aspecto fundamental para a mellora da contratación pública.

A Escola Galega de Administración Pública ven aprobando dende hai anos un plan anual de formación do persoal empregado público no que de xeito sistemático se inclúen numerosas accións formativas en materia de contratación, ás que deben sumarse a oferta de accións formativas neste eido de contratación na oferta realizada na modalidade de autoformación, que permite acceder aos contidos formativos a un número elevadísimo de empregados públicos. Ademais, debe destacarse a creación da comunidade de prácticas en materia de contratación, unha iniciativa que puxo en funcionamento un espazo no que profesionais da contratación pública poden compartir experiencias, coñecementos e opinións sobre aspectos propios do seu traballo diario.

Tamén de cara a aumentar a profesionalización e especialización, a Orde do 10 de maio de 2017 pola que se modifica a Orde do 21 de novembro de 1989 pola que se fixan os criterios xerais para a elaboración das relacións de postos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, indicou que nas RPTs indicárase a área funcional que, no seu caso, corresponda e o Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades

públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico regulou as áreas funcionais dos postos de traballo, definidas como o grupo de funcións, actividades e procedementos de traballo, así como os requisitos, méritos e formacións específicas, considerados de utilidade para a súa correcta execución.

Deste xeito, creáronse as seguintes áreas funcionais: contratación, económico-orzamentaria, tributaria, persoal, técnico-xurídica e inspección. Con respecto á área funcional de contratación, estableceuse que nela se incardinan aqueles postos que tramiten expedientes de contratación administrativa.

Outro aspecto transversal que afectou de xeito importante á contratación pública veu marcado pola integridade institucional, e os diversos documentos aprobados e postos en marcha neste eido.

O 10 de decembro de 2021 o Consello da Xunta de Galicia aprobou o Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia.

O devandito plan xeral incorpora unha análise dos principais riscos de xestión nas áreas de actuación que se consideran mais sensibles, a de contratación administrativa e a de subvencións. Pero ademais o propio Plan xeral prevé que se irá completando cos plans específicos de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude das distintas Consellerías.

Este plan xeral foi revisado e actualizado en maio do ano 2023, nesta revisión preveuse que cada centro directivo e cada entidade instrumental elabore un plan específico de prevención de riscos de xestión e de medidas antifraude no que se incluírán as matrices de avaliación de riscos das súas principais actividades, incorporando unha matriz para a avaliación de riscos de xestión en materia de contratación, e a previsión de que todos os centros directivos que realicen contratación pública, con independencia da tipoloxía de fondos

que financien os ditos expedientes de contratación, avaliarán os riscos de contratación.

A 31 de decembro de 2025, último exercicio pechado, contaban con plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude un total de 124 centros directivos e entidades, o que supón o 86 % do total de centros directivos e entidades do sector público autonómico de Galicia.

Ademais, o dito Plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia revisado en maio de 2023, baixo o título “Medidas relativas ao sistema de prevención dos conflitos de intereses”, recóllese unha regulación moi detallada do tratamento a dar nos casos de conflito de interese, cunha profusa regulación dos pasos a seguir nestes suposto, e con referencia especial ao procedemento de contratación.

## 2.2. RETOS DA CONTRATACIÓN PÚBLICA NO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO CARA AO HORIZONTE 2030

Partindo da análise da situación vixente póñense de manifesto diversos retos no eido da contratación pública. A Estratexia Galega de Contratación Pública, cun horizonte 2030, supón unha oportunidade de planificar a longo prazo as principais liñas de traballo que queren abordarse neste eido da contratación pública o que permite deseñar o seu impulso dun xeito coordinado e estruturado, ao longo do horizonte temporal desta Estratexia.

Deste xeito, da análise previa xurde un primeiro reto marcado pola simplificación e racionalización dos procesos de contratación pública. Se ben é certo que a duración e complexidade dos procedementos de contratación pública ven marcada en gran parte por condicionantes propios da normativa básica estatal, resulta importante continuar profundizando na simplificación dos procedementos e na racionalización da contratación, co fin de mellorar a eficiencia dos procesos de contratación pública.

En segundo lugar, da análise efectuada conclúese que xa se teñen aprobado a nivel autonómico diversas leis sectoriais e instrumentos que promoven unha compra pública estratéxica no ámbito social, ambiental ou da innovación. A Estratexia Galega de Contratación Pública supón unha oportunidade para consolidar e estruturar esta visión estratéxica da contratación, así como para facilitar a incorporación deste tipo de medidas nos procedementos de contratación, así como para potenciar a planificación e incorporación de medidas propias das particularidades do noso territorio e dos sectores produtivos, así como de fomento de acceso ás Pemes á contratación.

En relación co nivel de implantación e uso da administración electrónica, a 31 de decembro de 2025, último exercicio pechado, a ferramenta de licitación electrónica da Xunta de Galicia SILEX xa está implantada no 98,99 % dos órganos de contratación da Xunta de Galicia e do sector público autonómico. Pola súa banda, a ferramenta PLATION, está implantada ou en proceso de implantación no 85,36 % dos órganos de contratación da Xunta de Galicia e do sector público autonómico. Se ben hoxe a implantación de mecanismos de administración electrónica xa é unha realidade no sector público autonómico, a implantación total de ferramentas de tramitación electrónica integral e de mecanismos de interoperabilidade resulta especialmente útil, na medida en que simplifica os procedementos, reduce os riscos de xestión e homoxeneiza os procedementos.

Pero ademais, neste momento temos a oportunidade de apostar pola implantación de ferramentas de intelixencia artificial, tendo en conta as demandas da sociedade, para facilitarlle ás empresas a participación nos procedementos e axilizalos.

Por outra banda, a crecente importancia das políticas de prevención e de loita contra a corrupción, en particular tamén no eido da contratación pública, fai precisa unha reflexión neste eido. Se ben o Sistema de Integridade Institucional da xunta de Galicia esta totalmente afianzado, debemos consolidar os mecanismos de transparencia e a xestión dos riscos

mediante os plans antifraude e mapas de riscos nesta materia, así como os procedementos que permiten prever e resolver as situacións de conflito de intereses.

Outro dos grandes retos aos que se enfronta a administración é o da profesionalización do persoal encargado da contratación pública. Partindo da premisa da profesionalidade do persoal empregado público que traballa na área de contratación pública, e da formación impartida anualmente pola Escola Galega de Administración Pública, compre promover a maior especialización do persoal dedicado a tarefas de contratación, fomentando plans de formación específicos, e potenciando a colaboración e a especialización.

Finalmente, polo que respecta ao sector sanitario, este presenta unha serie de peculiaridades e un volume de contratación que fan necesaria a elaboración dunha estratexia de contratación pública propia e específica que permita mellorar a súa eficiencia, aproveitando os distintos sistemas de racionalización técnica.

### **3. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS E OPERATIVOS**

Os obxectivos estratéxicos (OE) están aliñados coa ENCP, se ben os obxectivos operativos (OO) e as actuacións (A) que se prevén están focalizados nas singularidades de Galicia. Trátase de aproveitar a contratación pública como mecanismo para facer fronte a problemas concretos do noso país, como o reto demográfico, a dispersión dos núcleos habitables ou o envellecemento da poboación..., contribuíndo á mellora do tecido social, produtivo e empresarial galegos, diminuíndo os efectos do cambio climático, fomentando a economía circular e a innovación e loitando contra a desigualdade entre home e muller e a discriminación de trato das persoas LGTBI.

A continuación concrétese os obxectivos estratéxicos en base aos retos que resultaron do diagnóstico esta Estratexia.

OE1.- Mellorar a eficiencia dos procesos de contratación pública

OE2.- Fomentar a contratación estratéxica

OE3.- Xeneralizar o emprego da contratación electrónica

OE4.- Aumentar a transparencia e previr a corrupción e as irregularidades na contratación pública

OE5.- Incrementar a profesionalización dos empregados públicos dedicados á contratación

OE6.- Estratexia De Contratación Pública Sanitaria De Galicia

## OE1. MELLORAR A EFICIENCIA DOS PROCESOS DE CONTRATACIÓN PÚBLICA

A eficiencia da contratación pública require a aplicación de instrumentos de simplificación e axilización, así como dunha planificación adecuada, tanto desde un punto de vista xeral, a medio prazo, como na tramitación específica de cada contrato. A análise e o estudo dos puntos críticos dos expedientes de contratación permitirá adoptar medidas de mellora e eficiencia nos procedementos de contratación.

Adicionalmente, o reforzamento dos mecanismos de seguimento do cumprimento do contrato, durante a súa execución e unha vez finalizada esta, así como o fomento dos instrumentos de racionalización que permite a normativa vixente, repercutirán igualmente na mellora da eficiencia e na racionalización da contratación.

Ademais, a Lei 14/2013, do 26 de decembro incidiu na importancia de xustificar a necesidade e idoneidade da contratación, así como na racionalización da contratación mediante a autoprovisión de bens e de servizos dentro do propio sector público, polo que pon de manifesto a

necesidade avanzar nesta liña, co fin de conseguir a eficiencia dos procesos de contratación.

Este obxectivo estratéxico enlaza ademais co Obxectivo de Desenvolvemento Sustentable (ODS) 16 da Axenda 2030 relativo á “Paz, xustiza e institucións sólidas”, no senso de que a simplificación na contratación e a mellora da súa execución están sen dúbida relacionadas co bo funcionamento da administración pública.

Para a consecución deste obxectivo estratéxico abordaranse os seguintes obxectivos operativos:

#### OO1.1.- Simplificación e axilización na contratación pública

A simplificación e axilización da contratación require inicialmente dunha análise e coñecemento detallados dos procedementos de contratación, para o que procede realizar un estudo dos problemas reais que os xestores se atopan no día a día, unha análise das cargas administrativas e da duración dos procedementos, que debe concluír con propostas de actuación, tanto na propia administración autonómica como a nivel estatal, elevando no seu caso ao goberno estatal as propostas de actuación que sexan da súa competencia e que podan mellorar, axilizar e simplificar a contratación administrativa.

Ademais, a axilización e simplificación tamén pode mellorarse tanto desde a perspectiva da mellora da formación e competencia profesional dos xestores públicos como mediante a elaboración de modelos de documentos e de pregos de contratación.

#### OO1.2.- Reforzar a motivación e xustificación da contratación

Do mesmo xeito, co obxecto de conseguir unha maior eficiencia na contratación, resultará útil reforzar a motivación e a xustificación da contratación, aproveitando o propio informe de necesidade e idoneidade do contrato previsto no artigo 28 da LCSP, que -ademais de motivar a necesidade da contratación e a idoneidade do procedemento- debe recoller

os parámetros necesarios para verificar, durante a execución do contrato e á súa finalización, que o contrato efectivamente cumpriu as necesidades que pretendían cubrirse, que se cumpriron os termos e os prazos acordados, que se cumpriron as condicións especiais pactadas, etc...

Neste senso, o artigo 33 da Lei 14/2013 sinala que nos expedientes de contratación tramitados pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e polas entidades do sector público autonómico incluírase un informe do órgano ou servizo proponente do contrato no que se xustifique: a necesidade do contrato, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas; a elección do procedemento e a de cada un dos criterios que se terán en consideración para adxudicar o contrato; as condicións mínimas de solvencia económica e financeira e profesional ou técnica; así como o importe calculado das prestacións obxecto do contrato, cun orzamento que recolla a valoración dos distintos compoñentes da prestación. O informe propondrá tamén os parámetros e valores que se deben recoller nos pregos que permitan apreciar o carácter anormal ou desproporcionado das ofertas.

Deste xeito, pode potenciarse o papel das memorias de necesidade e idoneidade, como instrumento que garante que os recursos públicos son dedicados ás necesidades que teñen un carácter prioritario, e que facilite o seguimento da execución dos contratos. Ao mesmo tempo, debe garantirse a motivación e xustificacións dos criterios sociais, ambientais, etc., incorporados no contrato, así como a súa efectiva vinculación co obxecto do contrato.

### 001.3.- Seguimento do cumprimento dos contratos

Igualmente, resulta importante para conseguir unha maior eficiencia na contratación, reforzar o seguimento do cumprimento dos contratos. Na memoria xustificativa deben recollerse os parámetros e indicadores obxectivos que permitan valorar o correcto cumprimento do contrato, tanto na propia fase de execución como no momento da súa finalización. Este

seguimento deberá realizarse polo responsable do contrato, verificando o cumprimento de prazos e calidades, o que permitirá detectar calquera desviación respecto dos termos acordados.

Pero ademais, resultará procedente fomentar e reforzar a figura do responsable do contrato, dándolle apoio para o desempeño das súas tarefas e facilitando o seu traballo mediante guías e modelos.

#### OO1.4.- Sistemas de racionalización técnica

A LCSP ofrece unha serie de instrumentos que permiten a racionalización da contratación, tanto desde un punto de vista de eficiencia económica (mellores prezos, produtos e servizos máis adecuados ás necesidades a cubrir) como de axilidade na tramitación.

Entre os principais instrumentos que poden utilizarse ao respecto figura en primeiro lugar a contratación centralizada.

En virtude do artigo 20 Lei 14/2013, a Xunta de Galicia conta cunha Comisión interdepartamental que determina as prestacións que se poden contratar de forma xeral e con características esencialmente homoxéneas para os diferentes órganos e organismos: mantemento, limpeza, seguridade, servizos postais e telegráficos, telecomunicacións, mensaxeira e paquetería, mantemento e reparación de vehículos, fotocopiadoras, combustibles, enerxía eléctrica e gas, etc...

A experiencia neste tipo de contratos ten facilitado a xestión dos distintos departamentos e unidades, que só ten que achegar o correspondente crédito á unidade encargada da tramitación e contratación.

A este respecto potenciarase o fomento deste tipo de contratación, que pode repercutir na eficiencia da contratación pública e servir como unha alternativa á contratación menor en determinados supostos.

Coa finalidade de aproveitar as sinerxías e os órganos xa existentes, pode potenciarse a labor desta Comisión Interdepartamental, de xeito que se estuden novas propostas de contratacións centralizadas mediante a revisión e actualización do Catálogo de medios e prestacións susceptibles de autoprovisión e a relación dos subministros, obras, servizos e calquera outra prestación susceptible de contratación centralizada (publicado no DOG 7, de 13 de xaneiro do 2015), así como da elaboración dun catálogo de prestacións susceptibles de contratarse mediante acordos marco e sistemas dinámicos de contratación.

Outra liña de traballo efectiva é a contratación conxunta, que pode ser útil tanto desde o punto de vista da mellor relación calidade-prezo, como desde o punto de vista da axilización e simplificación administrativa: neste sentido, poderían elaborarse modelos de convenios que faciliten este tipo de acordos entre órganos de contratación.

Finalmente, as consultas preliminares poden actuar como mecanismo para mellorar a concorrència, especialmente se se fai a correspondente publicidade, tanto das propias consultas como da documentación achegada polas empresas.

## OE2. FOMENTAR A CONTRATACIÓN ESTRATÉXICA

A contratación pública pode utilizarse como palanca de impulso de determinadas políticas estratéxicas, que no marco galego deben pasar tamén pola potenciación da compra de proximidade e a incentivación da participación nas licitacións das Pemes.

Para tal fin, non só se poden elaborar catálogos de posibles cláusulas, senón que tamén se pode apostar por unha planificación previa, que favoreza o establecemento de medidas específicas adaptadas ás peculiaridades sociais, demográficas e territoriais galegas, para a potenciación do seu propio tecido produtivo, facendo especial fincapé nas Pemes e autónomos, e establecendo as prioridades que se poden reforzar mediante unha contratación estratéxica aliñada coas necesidades e singularidades do noso territorio (dispersión, envellecemento, etc...) e do tecido económico galego asentado no sector primario (agricultura, gandería, pesca, minería e explotación forestal).

Como xa se indicou, a Lei 14/2013, do 26 de decembro contempla previsións relativas á contratación pública estratéxica, responsable e sustentable. Na mesma liña se aprobaron outras leis sectoriais como a Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, a Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, así como a Lei 1/2024, do 11 de xaneiro, da calidade alimentaria de Galicia, que conteñen disposicións relativas á contratación pública coa finalidade de que esta sexa estratéxica.

Este é o momento de consolidar e estruturar esta visión estratéxica da contratación, dun xeito ordenado e planificado, así como para facilitar a incorporación deste tipo de medidas nos procedementos de contratación, ao tempo que garantimos que a inclusión deste tipo de cláusulas ou criterios non supoñan unha exclusión das Pemes da contratación pública.

Ademais, este obxectivo estratéxico está relacionado con varios dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable da Axenda 2030. En particular, co ODS 5 (igualdade de xénero), co ODS 8 (emprego digno e crecemento

económico), co ODS 9 (industria, innovación e infraestruturas), co ODS 10 (redución das desigualdades), co ODS 12 (producción e consumo responsables), co ODS 13 (acción polo clima), e tamén co ODS 16 (paz, xustiza e institucións sólidas), o que pon de manifesto a súa relevancia estratéxica.

Para a consecución deste obxectivo estratéxico abordaranse os seguintes obxectivos operativos:

#### OO2.1.- Fomento da contratación social

Como xa se puxo de manifesto, na Comunidade Autónoma xa se veñen impulsando desde hai anos políticas de contratación social e ecolóxica, a través por exemplo da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, o Plan Estratéxico de Galicia -PEG 2030-.

Profundizarase e seguirase avanzando nesta liña, co obxectivo de potenciar a contratación social.

#### OO2.2.- Contratación pública de innovación e intelixencia artificial

Continuarase potenciando a compra pública innovadora, así como outras figuras como a compra precomercial, a asociación para a innovación ou o diálogo competitivo. Para potenciar este tipo de contratación, potenciarase a elaboración de catálogos, guías e outros documentos de apoio aos órganos de contratación.

En particular, para a contratación de solucións innovadoras baseadas na intelixencia artificial, tal e como establece o artigo 68 da Lei 2/2025, procurarse atender ao procedemento de asociación para a innovación que permitirá a adquisición ulterior das solucións innovadoras sempre que se acaden os niveis de rendemento e se respecten os custos máximos acordados entre o órgano de contratación e os participantes.

### OO2.3.- Fomento da igualdade, da conciliación e da non discriminación de persoas LGTBI

Pola súa parte, a Lei 7/2023 de igualdade de Galicia prevé a adopción de medidas que promovan a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, así como o fomento do emprego feminino, incorporando a perspectiva de xénero nos seus contratos: criterios de adxudicación, criterios que permitan resolver o empate ou condicións especiais de execución.

Tamén prevé o exercicio dos dereitos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral promovendo a corresponsabilidade a través da repartición equilibrada entre mulleres e homes.

Así mesmo, afondarase en igualdade de trato e non discriminación de persoas LGTBI, de acordo co artigo 12 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia; e promover nos pregos das contratacións públicas o respecto dos protocolos de igualdade e boas prácticas.

Profundizarase e seguirase avanzando avanzando nesta liña, co obxectivo de potenciar a promover a igualdade de trato e de oportunidades e a perspectiva de xénero a través da contratación pública.

### OO2.4.- Fomento da contratación con entidades da economía social

O artigo 26 da Lei 14/2013, establece a previsión de fixación dunha porcentaxe mínima de reserva do dereito para participar nos procedementos de adxudicación de determinados contratos ou de determinados lotes destes, a centros especiais de emprego de iniciativa social e a empresas de inserción, establecendo un mínimo do 5 %, calculado sobre a suma dos importes de adxudicación, con IVE, dos contratos menores e contratos abertos simplificados adxudicados no exercicio orzamentario inmediatamente anterior polo sector público autonómico.

A Xunta de Galicia continuará impulsando ca contratación con estas entidades, abordando este obxectivo dende unha perspectiva ampla.

#### OO2.5.- Contratación incentivadora do territorio e do tecido económico de Galicia e fomento da participación das PEMES

A Estratexia Galega de Contratación Pública parte da necesidade de adoptar medidas de apoio ao tecido económico de Galicia e fomentar a concorrència e a participación das PEMES como unha liña estratéxica da contratación pública.

O apoio ao tecido produtivo galego debe partir dunha análise das peculiaridades de este, cara a fomentar a súa participación na contratación pública en xeral (formación para que as empresas galegas liciten non só en Galicia) e para conseguir o cumprimento das restantes prioridades estratéxicas en materia medio ambiental, social ou de innovación.

Así mesmo, tamén se potenciarán medidas para incrementar a concorrència, mediante á redución do número de contratos con adxudicación directa e do número de contratos cun só licitador. Para isto son precisas actuacións desde o punto de vista da preparación dos contratos (por exemplo mediante a división do contrato en lotes), como desde o punto de vista da información e formación dos licitadores, especialmente para o caso das pequenas e medianas empresas.

Para fomentar a concorrència é preciso, ademais de realizar un traballo interno de simplificación e axilización nos procedementos de contratación, para que as empresas teñan medios e coñecementos que lles faciliten acudir ás licitacións públicas, de xeito que as Pemes e os autónomos estean informados e formados sobre a contratación pública.

#### OO2.6.- Fomento da integración da perspectiva climática na contratación

Co obxectivo de alcanzar a neutralidade climática de Galicia en 2040 levarase a cabo a integración da perspectiva climática na actividade administrativa.

Como medida para adoptar esta integración os órganos da Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia integrarán de forma progresiva os criterios climáticos na contratación pública.

Esta perspectiva climática poderá considerarse en distintas etapas do proceso de preparación contractual: na elaboración das prescricións técnicas, na selección do contratista (criterios de exclusión e de selección), na determinación dos criterios de adxudicación, ou nas condicións especiais de execución do contrato.

Fomentarase a utilización da pegada de carbono na preparación e execución de contratos públicos, sempre que se dispoña de datos e métodos que garanten o cumprimento dos principios da contratación pública.

#### OO2.7.- Fomento da contratación pública ecolóxica vinculada á xestión de residuos e á economía circular

Co obxectivo de avanzar na transición cara a unha economía circular e na mellora da xestión dos residuos en Galicia, promoverase a incorporación de criterios ambientais específicos no proceso de contratación pública, especialmente aqueles relacionados coa reutilización, reciclaxe e valorización de materiais.

Esta perspectiva ecolóxica poderá aplicarse en distintas fases da contratación pública: na definición das prescricións técnicas, na selección do contratista, nos criterios de adxudicación e nas condicións especiais de execución, favorecendo a incorporación de materiais reciclados, reutilizados ou procedentes de subprodutos industriais, sempre que se dispoña de evidencias técnicas e metodolóxicas que garantan o cumprimento dos principios da contratación pública.

Este obxectivo operativo desenvólvese ao abeiro do marco normativo establecido pola Lei 7/2022, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, que establece que "as administracións públicas incluírán, no marco da contratación pública, o uso de produtos de alta durabilidade, reutilizables, reparables ou de materiais facilmente reciclables, así como de

produtos fabricados con materiais procedentes de residuos ou subprodutos, cuxa calidade cumpra coas especificacións técnicas requiridas". Así mesmo, fomentarase a compra de produtos con etiqueta ecolóxica da Unión Europea, segundo o Regulamento (CE) nº 66/2010, sen prexuízo do disposto na Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público.

Este obxectivo está aliñado coas accións recollidas no Plan de Residuos Municipais de Galicia (PRMG 2030) e na Estratexia Galega de Economía Circular, que promoven o uso da contratación pública como instrumento para impulsar a circularidade e a demanda de produtos sostibles.

### OE3. XENERALIZAR O EMPREGO DA CONTRATACIÓN ELECTRÓNICA

O uso da administración electrónica supón unha serie de importantes vantaxes, tanto para a administración como para as empresas licitadoras. Supón unha maior axilidade dos procedementos, así como unha maior facilidade para optar a licitacións de distintas áreas xeográficas.

Incide tamén na homoxeneización das licitacións e na redución de cargas administrativas para as empresas, a través de técnicas de interoperabilidade. Así mesmo, constitúe en si mesma unha medida de control de riscos de xestión específica, dado que a utilización das Tecnoloxías da Información (TI) despersonaliza a prestación de servizos e require que as normas e procedementos estean estandarizados e permite rastrexar decisións e accións.

Como xa se indicou, se ben hoxe a implantación de mecanismos de administración electrónica xa é unha realidade no sector público autonómico, traballarase na implantación total de ferramentas de tramitación electrónica co fin de dotar de axilidade ao procedemento de contratación de xeito que resulte máis sinxelo realizar os trámites por parte das empresas licitadoras, así como de facilitarlle aos xestores a tramitación dos procedementos e a obtención de datos fiables que permitan tomar as decisións axeitadas, a través da homoxeneización dos medios electrónicos e da aplicación de ferramentas de intelixencia artificial.

En particular, este obxectivo estratéxico está vinculado tamén co Obxectivo de Desenvolvemento Sustentable (ODS) 16 da Axenda 2030 (paz, xustiza e institucións sólidas), posto que os avances tecnolóxicos neste eido permitirán unha maior eficiencia na actuación da administración pública.

Para a consecución deste obxectivo estratéxico abordaranse os seguintes obxectivos operativos:

### OO3.1.- Interoperabilidade

A interoperabilidade, entendida como a posibilidade da administración de acceder a información doutros servizos administrativos, supón unha importante vantaxe para as empresas, xa que supón a redución de obrigas de achegar documentación, reducindo así as cargas burocráticas e conseguindo unha axilización do procedemento.

No eido da contratación pública xa se deu un gran impulso a técnicas de interoperabilidade, e seguirase traballando neste eido para facilitar e reducir ao mínimo a documentación que deba ser achegada polas empresas licitadoras.

### OO3.2.- Implantación do expediente electrónico para todos os órganos de contratación e para todos os procedementos

Nos últimos anos deuse un forte impulso á tramitación electrónica dos procedementos de contratación.

O Consello da Xunta de Galicia acordou no ano 2019 a constitución do Nodo de contratación pública de Galicia, coa finalidade de impulsar o proceso de dixitalización da contratación pública.

Froito deste impulso, chegouse á implantación da ferramenta de licitación electrónica da Xunta de Galicia SILEX nun 98,99% dos órganos de contratación da Xunta de Galicia e do sector público autonómico. Así mesmo, tamén se avanzou na implantación da ferramenta PLATION, para a tramitación electrónica integral do procedemento de contratación, que se culminará en todos os órganos de contratación do sector público autonómico.

O artigo 70 da Lei de Administración dixital de Galicia prevé a elaboración dunha guía para os procedementos de contratación pública, co fin de dar cumprimento ás prescricións legais da administración electrónica.

Así mesmo, potenciarase o uso desta ferramenta mediante a inclusión nela de novas funcionalidades, como a subasta, de xeito que resulte unha

ferramenta completa e idónea para a tramitación de todos os expedientes de contratación.

#### OO3.3.- Integración de sistemas do Nodo de Contratación Electrónica da Xunta de Galicia para a xestión dos datos de contratación

Co obxectivo de completar e consolidar o modelo corporativo de contratación pública electrónica da Xunta de Galicia, a prol de conseguir a interoperabilidade e a homoxeneización de datos entre o xestor de expedientes (PLATION) e o Rexistro Xeral de contratos de Galicia (RXC) deseñaranse servizos de integración para unificar os datos entre ambos os sistemas, dando cumprimento ao principio dunha soa vez coa finalidade de garantir a fiabilidade do dato e facilitar aos xestores e xestoras públicas de contratación o cumprimento das obrigacións da normativa de contratos e de transparencia.

#### OO3.4.- Aplicación de ferramentas de intelixencia artificial na contratación pública

Potenciarase o uso a aplicación da intelixencia artificial no eido da contratación pública tendo en conta as demandas da sociedade, en particular, do sector empresarial, dado que as ferramentas de intelixencia artificial facilitan o acceso ás licitacións por parte das empresas e axilizan o procedemento ao permitir automatizar certas tarefas, o que redunda na redución dos tempos de tramitación dos expedientes de contratación.

## OE4. AUMENTAR A TRANSPARENCIA E PREVIR A CORRUPCIÓN E AS IRREGULARIDADES NA CONTRATACIÓN PÚBLICA

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno estableceu no seu artigo 8 unha serie de obrigas de publicidade activa respecto de determinada información económica, orzamentaria e estatística.

En particular, establece a obriga de facer pública, como mínimo, a información relativa a todos os contratos, con indicación do obxecto, duración, o importe da licitación e de adxudicación, o procedemento utilizado para a súa celebración, os instrumentos a través dos que, no seu caso, se publicitou, o número de licitadores participantes no procedemento e a identidade do adxudicatario, así como as modificacións do contrato. Igualmente serán obxecto de publicación as decisións de desistencia e renuncia dos contratos.

Esta norma establece que a publicación da información relativa aos contratos menores poderá realizarse trimestralmente.

En Galicia, o 18 de xaneiro de 2016 aprobouse a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, que no seu artigo 13 estableceu que unha serie de obrigas adicionais de transparencia en materia de contratación. Froito destas previsións, o 7 de marzo de 2016 púxose en funcionamento o Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, que incorporou un apartado específico en materia de contratación.

Dende o punto de vista da integridade institucional, o 10 de decembro de 2021 o Consello da Xunta aprobou o Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da Xunta de Galicia. O dito Plan xeral foi obxecto de revisión e actualización polo Consello da Xunta de Galicia o día 19 de maio de 2023. Na dita revisión do plan xeral de maio do ano 2023, incorporouse unha matriz de avaliación de riscos de contratación, que deben utilizar todos os órganos de contratación da Xunta de Galicia.

Se ben o Sistema de Integridade Institucional da Xunta de Galicia esta totalmente afianzado, continuarase reforzando os mecanismos de transparencia e a xestión dos riscos, así como os mecanismos de prevención das irregularidades no eido da contratación pública.

Este obxectivo estratéxico está directamente relacionado co Obxectivo de Desenvolvemento Sustentable (ODS) 16 da Axenda 2030 (paz, xustiza e institucións sólidas), pois permitirá seguir fortalecendo o Sistema de Integridade Institucional da Xunta de Galicia xa implantado.

Para a consecución deste obxectivo estratéxico abordaranse os seguintes obxectivos operativos:

#### OO4.1.- Reforzo dos mecanismos de transparencia

No Portal de Transparencia e Goberno aberto publícanse os contratos por perfil de contratante, de xeito que se permite o acceso aos contratos dos perfís de contratante desde a Plataforma de Contratos Públicos de Galicia de todos os órganos de contratación do sector público autonómico, tanto as consellerías como as entidades instrumentais.

Tamén se publican os acordos e criterios interpretativos dos órganos consultivos en materia de contratación, de xeito que constan os ditames, informes, recomendacións, instrucións e acordos ditados pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de Galicia.

Publícanse así mesmo os datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario de contratos adxudicados en cada exercicio a través dos distintos procedementos de contratación.

Compre seguir avanzando nunha mellora da información dispoñible, mellorando a transparencia da información tanto na Plataforma de Contratos de Galicia como no Portal de Transparencia e Goberno aberto.

#### OO4.2.- Xestión dos riscos mediante plans antifraude e mapas de riscos en materia de contratación

Desde maio de 2023 aprobáronse 109 plans específicos de prevención de centros directivos e entidades, que sumados a 1 único plan dun centro directivo que aínda se atopa en proceso de actualización, fan un total de 110 centros directivos con plans de prevención de riscos aprobados.

Coa finalidade de homoxeneizar metodoloxía, na actualización e revisión do Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia aprobada polo Consello da Xunta de Galicia o 19 de maio de 2023 incorporouse unha matriz propia para a avaliación de riscos en materia de contratación, cunha explicación detallada dos casos nos que as medidas minimizadoras se podían considerar suficientes e en que casos se debía proceder á elaboración dun plan de acción, incorporando novas medidas. Ademais, facilitouse á matriz a todos os departamentos, de xeito que en cada centro directivo procédese a avaliar os seus propios riscos.

Unha vez conseguida esta avaliación inicial de riscos en materia de contratación, procederáse á súa revisión e actualización e continuar avanzando nesta área.

#### OO4.3.- Consolidar os procedementos para prever e resolver as situacións de conflito de intereses

O PXMA da Xunta de Galicia prevé a obrigatoriedade das DACI nos contratos da Xunta e das súas entidades instrumentais e recolle un procedemento para a xestión dos conflitos de interese. Estas ferramentas poden reforzarse con outras medidas de prevención das situacións de conflito de interese: emprego de ferramentas electrónicas que aproveiten os datos ós que ten acceso a administración autonómica, transparencia dos procedementos de conflito de interese, regulación dos grupos de interese...

## OE5. INCREMENTAR A PROFESIONALIZACIÓN DOS EMPREGADOS PÚBLICOS DEDICADOS Á CONTRATACIÓN

A Escola Galega de Administración Pública inclúe accións formativas na área de contratación no seu plan anual de formación do persoal empregado público, ás que deben sumarse a oferta de accións formativas neste eido de contratación na oferta realizada na modalidade de autoformación, que permite acceder aos contidos formativos a un número elevadísimo de empregados públicos.

A profesionalización do persoal encargado da contratación pública abarca diferentes aspectos, incluíndo unha correcta planificación dos recursos humanos dedicados a esta actividade, a mellora das capacidades e coñecementos mediante unha máis completa formación neste ámbito, a definición das funcións dos responsables dos contratos ou a especialización para a realización de determinadas actuacións.

Este obxectivo estratéxico enlaza igualmente co Obxectivo de Desenvolvemento Sustentable (ODS) 16 da Axenda 2030 (paz, xustiza e institucións sólidas), xa que o reforzo da profesionalización do persoal empregado público dedicado á contratación incide no mellor funcionamento da administración pública.

Para a consecución deste obxectivo estratéxico abordaranse os seguintes obxectivos operativos:

### OO5.1.- Planificación dos recursos humanos

A efectos de mellorar a eficiencia dos recursos humanos dedicados á contratación, realizarase unha análise das diferentes unidades de contratación: dotacións de persoal (tanto prevista en RPT como real), cargas de traballo en volume de contratación, número e tipo de contratos, persoal dedicado á preparación, licitación e seguimento da execución.... de xeito que se poida elaborar unha proposta de actuación dirixida á especialización de efectivos, que podan ser reasignados a diferentes unidades de contratación

segundo as necesidades, ou ben asignados a unidades especializadas que traballen para diferentes unidades de contratación.

#### OO5.2.- Formación

Elaborarase un marco de competencias en materia de contratación, na liña do marco aprobado pola Comisión Europea "[ProcurComp<sup>EU</sup>](#)". En particular, é precisa unha formación especializada, diferenciando os distintos tipos de contratos e procedementos, as distintas fases da tramitación, os distintos perfís involucrados...

Resulta conveniente a inclusión de formación moi específica relativa á planificación e avaliación das necesidades a satisfacer, xustificación dos contratos, elaboración de pregos, contratación socialmente responsable, ecolóxica e innovadora, emprego das ferramentas electrónicas de licitación e xestión de expedientes, mesas de contratación e valoración de ofertas, supervisión da execución polos responsables dos contratos, xestión de certificacións e pagamentos, fomento da contratación de pemes e entidades de economía social, etc.

#### OO5.3.- Responsables dos contratos

A LCSP establece que, con independencia da unidade encargada do seguimento e execución ordinaria do contrato, os órganos de contratación deberán designar un responsable do contrato a quen corresponde supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

No mesmo sentido se manifesta a Lei 14/2013, que engade o seguinte: o responsable do contrato velará pola correcta execución do contrato e por que nela non se dean situacións que poidan propiciar a existencia dunha cesión ilegal de traballadores ou dar lugar á declaración de relacións de laboralidade entre a Administración ou entidade do sector público e o persoal do contratista. Desta maneira, velará especialmente por que o contratista achegue a súa propia dirección e xestión, sexa responsable da

organización do servizo, se faga responsable de impartir aos seus traballadores as correspondentes ordes, criterios e directrices, etc...

Aos efectos de conseguir a máxima eficacia desta figura, reforzase a súa formación e coñecementos, a súa independencia respecto do contratista, e potenciaranse os canais de comunicación entre os responsables de diferentes áreas contractuais para compartir experiencias.

## OE6.- ESTRATEXIA DE CONTRATACIÓN PÚBLICA SANITARIA DE GALICIA

O sector sanitario presenta unha serie de peculiaridades e un volume de contratación que fan necesaria a elaboración dunha estratexia de contratación pública específica que permita mellorar a súa eficiencia, aproveitando os distintos sistemas de racionalización técnica.

Este obxectivo estratéxico está relacionado, en particular, co obxectivo de Desenvolvemento Sustentable (ODS) 3 da Axenda 2030 (saúde e benestar) e tamén co ODS 16 (paz, xustiza e institucións sólidas), tendo en conta que as accións que levará a cabo a administración neste ámbito están deseñadas en atención á saúde e ao benestar de toda a cidadanía.

Para a consecución deste obxectivo estratéxico abordaranse os seguintes obxectivos operativos:

### OO6.1.- Continuar impulsando os Plans de Contratación Pública Centralizada de produtos e material sanitario e medicamentos no Servizo Galego de Saúde

Cómpre continuar promovendo os grupos multidisciplinares con profesionais e técnicos expertos na materia, dado que, coa súa participación, preténdese dar resposta aos diferentes retos que se planifican, así como lograr unha maior corresponsabilidade tanto na tramitación das contratacións como nos resultados.

Así mesmo, é fundamental manter actualizadas as necesidades de compra centralizada de produtos e material sanitario e de medicamentos, co fin de adaptarse en todo momento á innovación terapéutica e farmacolóxica; así como establecer as prioridades na compra centralizada de acordo cos resultados que se pretenden acadar.

OO6.2.- Definir unha central de compras para todo o Servizo Galego de Saúde, que permita o aprovisionamento e a distribución de bens e servizos necesarios para a atención sanitaria

A contratación centralizada favorece a xestión das distintas unidades, que só teñen que achegar o correspondente crédito á unidade encargada da tramitación e contratación.

Así, considérase necesario potenciar esta contratación, para una maior eficiencia da contratación pública. Ademais, serve como unha alternativa á contratación menor en determinados supostos. Deste xeito, é preciso dotar de axilidade e eficacia á tramitación destes procedementos, para diminuír a contratación menor nas Áreas Sanitarias e incrementar os acordos marco e os sistemas dinámicos de adquisición.

Cómpre pois analizar a contratación de bens e servizos a fin de identificar aqueles que poidan ser declarados uniformes e homoxéneos, así como efectuar unha análise do mercado e dos provedores de ditos produtos ou prestacións e deseñar mecanismos e fórmulas innovadoras de compra estratéxica, coa finalidade de promover investimentos sostibles.

OO6.3.- Profesionalizar a compra pública de bens e servizos necesarios para a atención sanitaria no Servizo Galego de Saúde

É precisa unha formación especializada para os profesionais que interveñan nos procesos de compra pública, para mellorar as capacidades e os coñecementos específicos neste eido, facilitando aos profesionais as ferramentas necesarias para poñer en práctica o novo modelo de contratación no Servizo Galego de Saúde.

Neste senso, cómpre impulsar cambios organizativos con estruturas e procesos que favorezan o traballo transdisciplinar no Servizo Galego de Saúde, sen esquecer a necesidade de contar con boas prácticas, así como a integridade e o comportamento ético, en canto piares fundamentais da

conduta dos profesionais que interveñan nos procesos de compra pública do Servizo Galego de Saúde.

OO6.4- Establecer indicadores que permitan o seguimento e avaliación das medidas propostas para contribuír a unha compra pública máis eficaz e eficiente, así como a sostibilidade do sistema sanitario

Resulta necesario medir os resultados obtidos a través do seguimento e da avaliación das medidas propostas, polo que procede dispoñer de indicadores que sexan efectivos, relevantes, específicos, medibles, alcanzables, e cun marco temporal delimitado, que permita medir os progresos ao longo do tempo, de xeito que se poidan comparar con datos históricos ou de outras organizacións.

Así, para este fin cómpre constituír comités que leven a cabo as funcións de seguimento e avaliación das medidas propostas e implantadas, dando conta do resultado das avaliacións das medidas adoptadas.

## 4. CALENDARIO DE IMPLEMENTACIÓN

A EGCP plantéase cun horizonte temporal amplo, ata o 2030, dada a ambición dos seus obxectivos.

Porén, debe terse en conta que a ENCP rematará a súa vixencia no ano 2026, polo que esta Estratexia Galega podería ser obxecto de adaptación, se fora preciso, no momento de aprobación da nova ENCP, para aliñala con esta.

Logo da súa aprobación, procederase nun primeiro momento a calendarizar as accións previstas nesta Estratexia tendo en conta o diferente grado de complexidade na súa implantación.

Posteriormente, realizarase unha avaliación da implementación, de periodicidade anual, co fin de realizar un seguimento das accións consonte ao calendario deseñado previamente.

En particular, no tocante ao seu seguimento, elaborárase un cadro de mando estratéxico (dashboard) con indicadores de seguimento (KPIs), ligados a cada obxectivo estratéxico. Por exemplo, a porcentaxe de contratos con cláusulas sociais/ambientais.

## 5. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS

### OE1.- MELLORAR A EFICIENCIA DOS PROCESOS DE CONTRATACIÓN PÚBLICA

#### **OO1.1.- Simplificación e axilización na contratación pública**

Accións a desenvolver:

- Consolidar a elaboración e utilización de modelos de documentos comúns na área de contratación pública.
- Consolidar a elaboración de modelos de pregos ou pregos de referencia.
- Análise de expedientes concretos coa finalidade de reducir prazos e/ou trámites, propostas de actuación pola Xunta e posibles propostas de simplificación a solicitar ao goberno estatal.
- Análise xeral da tramitación dos expedientes de contratación coa finalidade de detectar os puntos mais críticos de tramitación.
- Homologacións de fórmulas para a valoración da oferta económica e cálculo de proposicións anormalmente baixas.
- Potenciar o uso de ferramentas de automatización nos procedementos de contratación pública.
- Elaboración da programación de contratos, así como plans anuais de contratación, e publicación dos mesmos. En base á programación da contratación, procederase á publicación de anuncios previos das licitacións previstas co fin de reducir o prazo de presentación de ofertas.

### **OO1.2.- Reforzar a motivación e xustificación da contratación**

Accións a desenvolver:

- Elaborar orientacións para a elaboración das memorias de necesidade e idoneidade.
- Estender modelos de memorias de necesidade e idoneidade a través da ferramenta de tramitación electrónica integral de contratación.
- Establecemento de modelos de estudos económicos co fin de cumprir coa obriga de xustificación do cálculo do orzamento base de licitación. Os ditos estudos poderán incluír ferramentas que permitan o acceso aos prezos de mercado.

### **OO1.3.- Seguimento do cumprimento dos contratos**

Accións a desenvolver:

- Elaborar orientacións para o seguimento da execución dos contratos e modelos para documentar o seguimento da execución polo responsable do contrato
- Check lists para realizar o seguimento da execución nas diversas fases.
- Realización dun documento completo final de análise da execución do contrato, xustificando o cumprimento dos termos contractuais e dos prazos, análise da subcontratación e a satisfacción da necesidade.

#### **001.4.- Sistemas de racionalización técnica**

Accións a desenvolver:

- Estudo de novas propostas de contratacións centralizadas.
- Estudo da posibilidade de creación de centrais de compras temáticas e sectoriais.
- Elaboración dun catálogo de prestacións susceptibles de contratarse mediante acordos marco e sistemas dinámicos de contratación.
- Elaboración dun modelo de convenio ou acordo para a contratación conxunta.
- Potenciación dos catálogos electrónicos.
- Potenciación e impulso dos sistemas dinámicos de contratación.

## OE2.- FOMENTAR A CONTRATACIÓN ESTRATÉXICA

### **OO2.1.- Fomento da contratación social**

Accións a desenvolver:

- Aprobación polo Consello da Xunta dun documento estratéxico sobre as finalidades adicionais ou políticas públicas a fomentar (obxectivos sociais, medioambientais e de innovación) a través da contratación pública.
- Catálogos de cláusulas sociais. Os ditos catálogos preverán distintas posibilidades de cláusulas e/ou criterios con distinta intensidade en función do volume económico ou tipoloxía do contrato, así como as distintas formas de acreditación dos distintos criterios, fomentando a menor carga burocrática para as empresas.
- Potenciar a formación específica en compra pública estratéxica e innovadora.
- Asesoramento ás unidades de contratación na posta en practica de procesos de compra pública estratéxica e innovadora.
- Elaborar orientacións, recomendacións ou guías para o fomento da compra pública estratéxica, en particular aclarando posibles modelos de indicadores e fórmulas para o seu seguimento.
- Criterios de ciclo de vida nas compras pública: valoración non só do prezo, senón do custo total durante o ciclo de vida do produto ou servizo (mantemento, consumo enerxético, reciclaxe, etc).

## **002.2.- Contratación pública de innovación**

Accións a desenvolver

- Catálogos de solucións innovadoras: elaboración de catálogos de criterios de adxudicación e prescricións técnicas que favorezan a presentación de solucións innovadoras. Os ditos catálogos preverán distintas posibilidades de cláusulas e/ou criterios con distinta intensidade en función do volume económico ou tipoloxía do contrato, así como as distintas formas de acreditación dos distintos criterios, fomentando a menor carga burocrática para as empresas.
- Promover a contratación precomercial.
- Actualizar a Guía para facilitar a compra pública de innovación
- Potenciar a formación en compra pública estratéxica e innovadora.
- Asesoramento ás unidades de contratación na posta en practica de procesos de compra pública estratéxica e innovadora.
- Elaborar orientacións ou guías para o fomento da compra pública estratéxica, aclarando modelos de indicadores e fórmulas de seguimento.
- Elaborar un catálogo de cláusulas segundo o nivel de risco dos sistemas de intelixencia artificial para incorporar nos PCAP e PPT dos contratos que teñan por obxecto o deseño, o desenvolvemento e a adquisición de solucións innovadoras en materia de intelixencia artificial, coa finalidade de promover un uso responsable e ético da intelixencia artificial.

### **OO2.2.- Contratación pública de innovación (continuación)**

Accións a desenvolver:

- Creación dun Laboratorio Galego de Compra Pública Innovadora (CPI-Lab Galicia), que sexa un espazo de experimentación coordinado entre a Xunta, as universidades e os centros tecnolóxicos, para probar modelos de compra precomercial e asociacións para a innovación, e que pode actuar como sandbox regulador (espazo de proba controlado).
- Programas de mentorización para PEMES innovadoras, que lles axuden a presentarse a licitacións de I+D+i e IA.
- Potenciar a formación específica en compra pública estratéxica e innovadora.
- Asesoramento ás unidades de contratación na posta en practica de procesos de compra pública estratéxica e innovadora.

### **OO2.3.- Fomento da igualdade, da conciliación e da non discriminación de persoas LGTBI**

Accións a desenvolver:

- Catálogos de cláusulas para o fomento da igualdade, da conciliación e da non discriminación de persoas LGTBI.
- Potenciar a formación específica en compra pública estratéxica e innovadora.
- Asesoramento ás unidades de contratación na posta en practica de procesos de compra pública estratéxica e innovadora.
- Elaborar orientacións, recomendacións ou guías para o fomento da compra pública estratéxica, en particular aclarando posibles modelos de indicadores e fórmulas para o seu seguimento.

#### **OO2.4.- Fomento da contratación con entidades da economía social**

Accións a desenvolver:

- Aprobación dun novo acordo do Consello da Xunta de Galicia incrementando a porcentaxe de reserva.
- Posta a disposición dos órganos de contratación dun espazo no que dispor de información relativa ás empresas que cumpren con estes parámetros e os sectores produtivos nos que prestan a súa actividade.
- Potenciar a actualización permanente e mellora do Catálogo galego de empresas de economía social da Xunta de Galicia.
- Potenciar a colaboración coas empresas de economía social.
- Promover a planificación anual dos contratos reservados e a reserva de lotes.
- Potenciar a formación específica sobre contratación reservada a estas entidades.

#### **OO2.5.- Contratación incentivadora do territorio e do tecido económico de Galicia e fomento da participación das PEMES**

Accións a desenvolver:

- Documento estratéxico sobre as finalidades adicionais a conseguir en Galicia aproveitando a contratación pública.
- Diseñar formulas de colaboración público privadas que teñan en consideración o tecido empresarial de Galicia.
- Incorporación nos contratos de servizos ás persoas o contexto de proximidade ao usuario do artigo 76 da Directiva 2014/24/UE.
- Introducir na contratación consideracións de dispersión poboacional, avellentamento e impulso demográfico.

### **002.5.- Contratación incentivadora do territorio e do tecido económico de Galicia e fomento da participación das PEMES (continuación)**

Accións a desenvolver:

- Potenciar a inclusión de criterios de proximidade e de comercio local así como de redución de custes de transporte coa conseguinte redución de pegada de carbono.
- Potenciar a inclusión de medias que promover a inclusión de produtos de tempada, de proximidade, frescos, procedentes de comercio xusto e/ou agricultura ecolóxica nas licitacións cuxo obxecto inclúa a subministración ou preparación de alimentos.
- Potenciar o deseño das licitacións de xeito que se fomente a inclusión de criterios de calidade, de xeito que non prime unicamente a valoración da oferta económica.
- Fomento da división en lotes e cláusulas de restrición de lotes.
- Campañas de información e formación para PEMES e autónomos. Promoverase un programa de formación en contratación pública dirixido ás empresas.
- Incrementar solicitudes de ofertas en contratación menor.
- Canal de atención específico para PEMES e autónomos.
- Análise dos contratos sen licitación e dos contratos menores e propoñer actuacións que permitan reducir este tipo de contratos, fomentando a concorrência e a contratación conxunta.
- Análise dos contratos con un só licitador (así como dos contratos maiores de 5 millóns con 3 ou menos licitadores) investigando se existen requisitos moi restritivos.

### **OO2.6.- Fomento da integración da perspectiva climática na contratación**

Accións a desenvolver:

- Elaborar un Programa de Contratación Pública Verde, que defina os medios de asesoramento e apoio técnico aos órganos de contratación do sector público autonómico, así como o programa formativo correspondente.
- Aprobar un Catálogo de Cláusulas Climáticas que incluíra instrucións para a súa adecuada incorporación nos pregos contractuais, como guía e apoio ao órgano de contratación. O dito catálogo preverá distintas posibilidades de cláusulas e/ou criterios con distinta intensidade en función do volume económico ou tipoloxía do contrato, así como as distintas formas de acreditación dos distintos criterios, fomentando a menor carga burocrática para as empresas.
- Elaborar unha Guía metodolóxica para o uso da pegada de carbono na contratación pública ou establecer un Espazo de boas prácticas de Contratación Pública Verde na que se recollan experiencias das entidades do sector público autonómico e das entidades locais de Galicia como ferramentas de apoio para a integración.

### **002.7.- Fomento da contratación pública ecolóxica vinculada á xestión de residuos e á economía circular**

Accións a desenvolver:

- Organizar xornadas de difusión sobre contratación pública ecolóxica, dirixidas a entidades públicas e privadas, para promover o uso de materiais de alta calidade procedentes de residuos, informar sobre novos mercados e incentivar pautas de consumo responsable, como a compra de produtos con ecoetiquetas.
- Aprobar un Catálogo de Cláusulas Ecolóxicas vinculadas á xestión de residuos, como ferramenta técnica de apoio aos órganos de contratación da Administración autonómica, provincial e local, e aos seus provedores. Este catálogo estará orientado a facilitar a incorporación de criterios ambientais nos contratos públicos, especialmente aqueles relacionados coa reutilización, reciclaxe e valorización de materiais, e coa utilización de produtos procedentes de residuos ou subprodutos industriais. Incluirá instrucións para a súa adecuada integración nos pregos, exemplos prácticos e referencias normativas, garantindo a viabilidade técnica e económica das cláusulas propostas e o cumprimento dos principios de eficiencia, proporcionalidade e libre concorrência. O dito catálogo preverá distintas posibilidades de cláusulas e/ou criterios con distinta intensidade en función do volume económico ou tipoloxía do contrato, así como as distintas formas de acreditación dos distintos criterios, fomentando a menor carga burocrática para as empresas.

## OE3.- XENERALIZAR O EMPREGO DA CONTRATACIÓN ELECTRÓNICA

### **003.1.- Interoperabilidade**

Accións a desenvolver:

- Potenciar a interoperabilidade en todos os sistemas que afectan á xestión de procedementos contractuais.
- Conexión cos seguintes rexistros autonómicos para que as empresas licitadoras que xa os teñan presentado nalgún deles non teñan que presentar os correspondentes certificados: Rexistro de Empresas Acreditadas de Galicia; Rexistro de empresas de inserción de Galicia; Rexistro administrativo de Centros especiais de emprego de Galicia; Rexistro Central de Asociacións e Rexistro Industrial de Galicia.

### **003.2.- Implantación do expediente electrónico para todos os órganos de contratación e para todos os procedementos**

Accións a desenvolver:

- Implantación de PLATION en todos os órganos de contratación
- Formación de PLATION a todos os órganos de contratación
- Incluír en PLATION novas funcionalidades como poden ser as compras precomerciais, diálogo competitivo...
- Implantación de catálogos electrónicos
- Avanzar no desenvolvemento e implantación dunha ferramenta de subasta electrónica, como instrumento de apoio á licitación electrónica.
- Avanzar no desenvolvemento dunha funcionalidade tecnolóxica que permita a xestión coa máxima concorrencia dos procedementos de contratación que non contan tradicionalmente con publicidade da licitación.
- Potenciar o uso de ferramentas de automatización nos procedementos de contratación pública.

### **003.3.- Integración de sistemas do Nodo de Contratación Electrónica da Xunta de Galicia para a xestión dos datos de contratación**

Accións a desenvolver:

- Diseñar servizos de integración para unificar os datos entre o xestor de expedientes (PLATION) e o Rexistro Xeral de Contratos de Galicia (RXC).

#### **003.4.- Aplicación de ferramentas de intelixencia artificial na contratación pública**

Accións a desenvolver:

- Implantar ferramentas de intelixencia artificial que faciliten a actuación dos licitadores, así como o coñecemento das licitacións en curso e das súas condicións.
- Implantar de ferramentas de intelixencia artificial que asistan aos órganos de contratación para identificar posibles patróns de risco, comportamentos atípicos ou prácticas colusorias entre licitadores, contribuíndo á integridade dos procesos e á protección do interese público.

## OE4.- AUMENTAR A TRANSPARENCIA E PREVIR A CORRUPCIÓN E AS IRREGULARIDADES NA CONTRATACIÓN PÚBLICA

### **004.1.- Reforzo dos mecanismos de transparencia**

Accións a desenvolver:

- Publicación dos plans anuais de contratación.
- Mellora da información estatística publicada.
- Promover un marco de actuación claro e transparente para o uso da tramitación de emerxencia, garantindo que a súa aplicación se limite exclusivamente ás situacións excepcionais e debidamente xustificadas previstas legalmente.
- Informe anual da XCCA con catálogo de aclaracións emitidas, con criterios de Tribunais de Contratación e Xuntas Consultivas.

### **004.2.- Xestión dos riscos mediante plans antifraude e mapas de riscos en materia de contratación**

Accións a desenvolver:

- Revisión da matriz de avaliación de riscos de contratación no marco do proceso de revisión do Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude.
- Potenciar os mecanismos de detección de prácticas colusorias.
- Implantación de ferramentas de intelixencia artificial que asistan aos órganos de contratación para identificar posibles patróns de risco, comportamentos atípicos ou prácticas colusorias entre licitadores, contribuíndo á integridade dos procesos e á protección do interese público.

### **004.3.- Consolidar os procedementos para prever e resolver as situacións de conflito de intereses**

Accións a desenvolver:

- Facilitar a sinatura de DACI en todos os contratos: polos altos cargos, polos empregados que participan na preparación e licitación, e polo responsable do contrato, mediante a súa incorporación en PLATION como campo obrigatorio.
- Revisión das bandeiras vermellas en materia de contratación no marco do proceso de revisión do Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude, e difusión entre o persoal das áreas de contratación.
- Elaboración de orientacións para a composición das Mesas de Contratación e dos órganos de valoración: exclusión de redactores de prescricións técnicas...
- Elaboración dun Protocolo ético en materia de contratación, que complemente os plans antifraude e estableza principios comúns para todos os empregados e provedores públicos.

## OE5.- INCREMENTAR A PROFESIONALIZACIÓN DOS EMPREGADOS PÚBLICOS DEDICADOS Á CONTRATACIÓN

### **OO5.1.- Planificación dos recursos humanos**

Accións a desenvolver:

- Análise dos medios humanos existentes nos órganos de contratación, valoración das cargas de traballo en función do número de contratos, importe dos contratos, clase de contratos, e estimación das necesidades de persoal nos departamentos de contratación, en cada uno dos perfís (xurídico, técnico, tecnolóxico, económico, administrativo...), en fase de licitación e en fase de execución.
- Desenvolvemento das áreas funcionais de contratación.
- Creación de solucións organizativas mais flexibles, como poderían ser equipos multidisciplinares especializados ou un procedemento de reasignacións temporais de efectivos.

### **005.2.- Formación**

Accións a desenvolver:

- Establecer un Plan específico de formación en materia de contratación, que inclúa formación especializada para as persoas que participan nas diferentes fases do proceso: contratación electrónica, memoria de necesidade, cláusulas sociais e medioambientais, elaboración de pregos, licitación, execución e recepción, contratación pública circular, custo do ciclo de vida, etc.
  - Canal de comunicación directo con XCCA (buzón de dúbidas).
  - Potenciar a canle de colaboración existente entre os departamentos de contratación da xunta de Galicia e a XCCA (comunidade creada na EGAP).
  - Itinerarios formativos certificados (por niveis: básico, avanzado, experto) recoñecidos pola EGAP e acreditables para os efectos da carreira profesional.
  - Programa de intercambio de boas prácticas con outras comunidades autónomas ou coas institucións europeas (TAIEX, EIPA...).
  - Simuladores dixitais de procedementos de contratación, para a aprendizaxe práctica do persoal (en formato e-learning interactivo).

### **005.3.- Responsables dos contratos**

Accións a desenvolver:

- Guía para a realización do seguimento dos contratos polos responsables dos contratos.
- Crear unha unidade de apoio aos Responsables dos Contratos.
- Crear un foro para compartir experiencias entre responsables dos contratos, na canle de colaboración xa existente entre os departamentos de contratación da xunta de Galicia e a XCCA (comunidade creada na EGAP).

## OE6.- ESTRATEXIA DE CONTRATACIÓN PÚBLICA SANITARIA DE GALICIA

**006.1.- Continuar impulsando os Plans de Contratación Pública Centralizada de produtos e material sanitario e medicamentos no Servizo Galego de Saúde**

Accións a desenvolver:

- Seguir fomentando a constitución de grupos multidisciplinares con profesionais e técnicos expertos na materia, tanto no ámbito clínico como de xestión. A súa participación tratará de dar resposta aos diferentes retos que se planifican, á vez que se lles outorga unha maior corresponsabilidade tanto na tramitación das contratacións como nos resultados agardados.
- Manter actualizadas as necesidades de compra centralizada de produtos e material sanitario e de medicamentos, adaptándose en todo momento á innovación terapéutica e farmacolóxica.
- Establecer as prioridades na compra centralizada de acordo cos resultados que se pretenden acadar.

**006.2.- Definir unha central de compras para todo o Servizo Galego de Saúde, que permita o aprovisionamento e a distribución de bens e servizos necesarios para a atención sanitaria**

Accións a desenvolver:

- Analizar a contratación de bens e servizos a fin de identificar aqueles que poidan ser declarados uniformes e homoxéneos.
- Efectuar unha análise do mercado e dos provedores de ditos produtos ou prestacións e deseñar mecanismos e fórmulas innovadoras de compra estratéxica, promovendo investimentos sostibles.

**006.2.- Definir unha central de compras para todo o Servizo Galego de Saúde, que permita o aprovisionamento e a distribución de bens e servizos necesarios para a atención sanitaria (continuación)**

Accións a desenvolver:

- Tramitar de forma áxil e eficaz os procedementos de contratación centralizada, diminuindo a contratación menor nas Áreas Sanitarias e incrementando os acordos marco e os sistemas dinámicos de adquisición.
- Mellorar o seguimento e control da execución dos contratos centralizados dos bens e servizos declarados de uniformidade.

**006.3.- Profesionalizar a compra pública de bens e servizos necesarios para a atención sanitaria no Servizo Galego de Saúde**

Accións a desenvolver:

- Promover a formación especializada para os profesionais que interveñan nos procesos de compra pública.
- Promover as boas prácticas, a integridade e o comportamento ético nos profesionais que interveñan nos procesos de compra pública do Servizo Galego de Saúde.
- Impulsar cambios organizativos con estruturas e procesos que favorezan o traballo transdisciplinar no Servizo Galego de Saúde.
- Facilitar aos profesionais as ferramentas necesarias para poñer en práctica o novo modelo de contratación no Servizo Galego de Saúde.

**006.4- Establecer indicadores que permitan o seguimento e avaliación das medidas propostas para contribuír a unha compra pública máis eficaz e eficiente, así como a sostibilidade do sistema sanitario**

Accións a desenvolver:

- Diseñar indicadores efectivos, específicos, medibles, alcanzables, relevantes, con un marco temporal definido para medir os progresos ao longo do tempo e que permitan a comparación con datos históricos ou de outras organizacións.
- Constituír comités de seguimento e avaliación das medidas propostas e implantadas .
- Emitir informes e dar conta do resultado das avaliacións das medidas implementadas a aqueles órganos internos ou externos que o requiran.

